

A ESTRADA

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 6 de xullo de 2015, aprobou as Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións con finalidade de carácter de promoción económica para o ano 2015, do seguinte teor,

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES CON FINALIDADE DE CARÁCTER DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA O ANO 2015

I) OBXECTO.-

O obxecto das presentes bases é a regulación da convocatoria de subvencións con destino a actividades de carácter de promoción económica.

Enténdese por subvencións, ao efecto da presente convocatoria, toda disposición diñeiraria, realizada polo Concello da Estrada, sen contraprestación directa dos beneficiarios, a favor de persoas públicas ou privadas, con destino ao cumprimento de un obxectivo, execución dun proxecto ou actividade que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de carácter empresarial, comercial ou económica que repercuta na promoción socio- económica da Estrada.

Enténdese preferentemente como actividades de promoción económica todas aquelas relacionadas coa mellora dos equipamentos, formación e funcionamento interno das asociacións que, sen ánimo de lucro, promovan estes fins por medio da dotación de equipamentos comunitarios, formación para os distintos axentes implicados no progreso e mellora do tecido socio- productivo, celebración de xornadas e seminarios, elaboración de estudos, certames e convocatorias de temática económica e/ou productiva, etc. A Concellería de Promoción Económica promoverá as actividades que teñan forma de ciclos e os proxectos estables e con permanencia no tempo, fomentando os que promovan a participación cidadá, así como a creación de hábitos empresariais.

Favoreceranse ademais os proxectos transversais que abrangan diversas vertentes do desenvolvemento socio-económico: desenvolvemento sostible, creación, novos mercados e exportación, tecnoloxías, formación, cooperación, xoves emprendedores, solidariedade, ciencia, etc.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas na presente convocatoria a colaboración financeira do Concello na realización dun gasto relacionado coa promoción socio- económica a curto e longo prazo, tanto no relativo a actividades de tipo empresarial e de fomento de actividade económica(axudas para equipamentos comúns, celebración de xornadas, eventos etc.), fomento da cultura empresarial, etc. Todo isto, no marco da competencia mencionada no **artigo 27,1 da LRRL**: “O Estado e as Comunidades Autónomas no exercizo das súas respectivas competencias, poderán delegar nos municipios o exercizo das súas competencias”, naqueles casos nos que a realización a través de asociacións ou entidades creadas especificamente con tales fins resulta máis eficaz e eficiente que a súa organización directa por parte do Concello.

II) BENEFICIARIOS.-

Poden solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria:

Asociacións e entidades sen ánimo de lucro con domicilio social no Concello da Estrada, inscritas

no Rexistro Municipal de Asociacións, cuxa finalidade sexan obxectivos de carácter socio-económico ou de desenvolvemento empresarial.

Non poderán ter a condición de beneficiarios/as aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13,2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

III) PARTIDA ORZAMENTARIA.-

O gasto que xere para o Concello a concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria, efecturarase con cargo á partida 433.489.01 do orzamento municipal 2015, para o que se conservará crédito por un importe global de 24.000,00 euros, non podendo o importe máximo de cada axuda sobrepasar os 9.000 euros.

IV) GASTOS SUBVENCIONABLES E EXCLUSIÓNS.-

As subvencións outorgadas ao abeiro das presentes bases, irán dirixidas a:

- a) Dotación de servizos comunitarios concretos.
- b) Organización de actividades de fomento da economía local.
- c) Gastos xerais de funcionamento das asociacións ou entidades constituídas con finalidade de fomento das actividades recollidas no punto a).
- d) Gastos de conservación, mantemento, reparación menores ou melloras realizadas en instalacións destinadas con carácter permanente á realización de actividades con carácter socio- económico.

Quedan excluídos expresamente:

- a) Os proxectos de carácter social, publicitario ou similar que se poidan atender especificamente dende outros departamentos municipais así como en xeral os presentados por asociacións con fins non especificamente de carácter socio- económico.
- b) As festas e celebracións, calquera que sexa o seu carácter e finalidade.
- c) Non serán obxecto de subvención os estudos académico- docentes, os gastos de representación, as dietas, así como os salarios dos monitores, conferenciantes, etc, da propia asociación.
- d) Os importes satisfeitos en concepto de tributos e/ou prezos públicos ás distintas administracións públicas.
- e) Os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

V) SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formularanse segundo o modelo normalizado que figura como **Anexo I** a esta orde, e irán dirixidas á Concellería de Promoción Económica.

As mesmo, serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello da Estrada (de luns a venres, de 9,00 a 14,00 e os sábados de 9,00 a 13,00), no prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O impreso de solicitude será facilitado pola Axente de Emprego nas dependencias municipais do Concello da Estrada (Primeiro Andar), ou a través da páxina web (www.aestrada.com).

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do investimento a realizar, con detalle de cada un dos gastos que se levarán a cabo, debendo describir con claridade conceptos, cantidades así como indicar especificamente o obxectivo que se pretende acadar coa realización desa actividade. Así mesmo, indicarase o sector social ao que vai dirixido, a actividade a levar a cabo e a representatividade da entidade destinataria cando a axuda se solicite para gastos de funcionamento.
- b) Certificación recente, da sucursal correspondente, da conta bancaria na que se ingresará o importe da subvención (con indicación do IBAN).
- c) Declaración de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello da Estrada (**ANEXO II**).
- d) Declaración responsable conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas segundo o establecido no artigo 13 da Lei 18/2003 Xeral de Subvencións (**ANEXO II**).
- e) Declaración responsable, na que conste se a Asociación obtivo ou ten solicitada calquera outra axuda, subvención, ingresos ou recursos que financien o investimento a subvencionar e compromiso de comunicarlle ao Concello as que obteña no futuro. (**ANEXO III**)

Estas axudas serán compatibles con outras concedidas por outras entidades para o mesmo investimento, pero en ningún caso a contía delas poderá superar o custo real do investimento subvencionado. A tal efecto comunicaráselle ao Concello da Estrada a obtención doutras subvencións ou axudas propias para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.

Cada entidade non poderá ser perceptora de máis de unha subvención, ao abeiro das presentes bases reguladoras.

Se a solicitude remitida, acompañada da documentación, non reunise os requisitos da convocatoria ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, requiriráselle ao interesado que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, terase por desistido, arquivándose sen máis trámites.

VI) CRITERIOS DE CONCESIÓN

Recibidas as solicitudes e resoltas, no seu caso, as deficiencias, serán valoradas polo órgano competente de conformidade cos seguintes criterios:

- Traxectoria, continuidade e proxección social das actividades levadas a cabo pola Asociación (Ata un 40%).
- Viabilidade técnica e económica do proxecto de promoción socio-económica presentado, así como grao de autofinanciamento conseguido pola Asociación (Ata un 15%).
- Ámbito de repercusión no tecido socioeconómico estradense das actividades (Ata un 45%).

VII) INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

A instrucción do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Concelleiro delegado de Promoción Económica, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para

a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados para a concesión destas subvencións, efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída a tal efecto polo Concelleiro Delegado de Promoción Económica, que actuará en calidade de presidente, e dous traballadores/as municipais, actuando un deles como secretario/a.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local a través do Concelleiro delegado de Promoción Económica, no prazo dun mes dende a finalización do prazo de resolución de diferencias das solicitudes presentadas. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión, previo informe da Intervención Municipal. Este acordo, esgotará a vía administrativa, e adoptarase no prazo dun mes dende a formulación da proposta por parte da Comisión de Valoración.

VIII) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS E DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

A presente convocatoria publicarase no correspondente diario oficial e na páxina web www.aestrada.com, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local; as anteditas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Promoción Económica, na páxina web e no departamento de AEDL do Concello do Estrada así como da Fundación Cultural.

O acordo de concesión de subvencións será notificado individualmente a cada un/ha dos/as destinatarios/as e publicado no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada.

IX) OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Son obrigas dos/as beneficiarios/as:

- a) Executar o gasto e cumprir o obxectivo para o que se concedeu a subvención, non alterando o seu destino. O gasto deberá ser realizado no exercicio orzamentario no que a subvención foi concedida.
- b) Xustificar a subvención concedida nos prazos e da forma indicada na presente convocatoria.
- c) Colaborar co Concello naquelas actividades de promoción socio-económica que organice cando lles sexa requerido, e facer constar na súa publicidade a colaboración do Concello.
- d) Atender aos requirimentos efectuados polo instructor do procedemento, en especial, a presentación de certificacións acreditativas de estar ao corrente nas suas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
- e) Empregar o galego nas actividades subvencionadas.

X) XUSTIFICACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS

Como regra xeral, para o pagamento da subvención concedida, será imprescindible acreditar polos/as beneficiarios/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación xunto coa documentación para a solicitude da subvención:

- a) Facturas orixinais ou copias cotexadas acreditativas da realización do gasto correspondente á actividade subvencionada e por un importe igual ou superior á cantidade concedida, con acreditación de terse realizado o pago, esta acreditación será, ben xuntando o xustificante da transferencia bancaria, ben facendo constar na propia factura o recibín do perceptor, con indicación de D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.
- b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida. (**ANEXO IV**)
- c) Declaración doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade. Declaración xurada conforme o conxunto das axudas precibidas non superaron o gasto realizado. (**ANEXO IV**)
- d) Memoria cuantificada das actividades realizadas e ingresos obtidos (**ANEXO V**).
- e) Certificado expedido polos organismos correspondentes, acreditativo de estar ao corrente das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Seguridade Social) e de non ter débeda de ningún tipo co Concello da Estrada.

No caso de non presentación desta documentación en prazo, ou presentación incorrecta ou insuficiente, a subvención non poderá ser outorgada..

1. CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

A Concellería de Promoción Económica, poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

2. RÉXIME SANCIONADOR

Os/as perceptores/as destas subvencións están suxeitos/as ao réxime sancionador previsto na normativa xeral, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e na normativa específica aprobada para o Concello da Estrada nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2015.

3. NORMATIVA SUPLETORIA

Para o non regulado nas presentes bases, estarase ao disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e na normativa específica aprobada para o Concello da Estrada nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2015.

A Estrada, 8 de xullo de 2015. O Alcalde, José C. López Campos.